

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O
CONCELLO DE OZA CESURAS NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA O
DESENVOLVEMENTO DAS OBRAS DE REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE DE OZA
DOS RIOS.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde ten previsto formalizar co Concello de Oza Cesuras o instrumento convencional arriba referido, que entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 15 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Oza Cesuras para o financiamento das obras de reforma no centro de saúde de Oza dos Rios, propiedade do concello.

As ditas obras de reforma consistirán naquelas que figuran no informe do Servizo de Obras e Supervisión de Proxectos do Servizo Galego de Saúde.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

O Concello de Oza Cesuras e o Servizo Galego de Saúde cofinanciarán as obras a realizar do xeito que a continuación se indica:

Aportacións máximas

Concello de Oza Cesuras	50%	58.403,79 €
Servizo Galego de Saúde	50%	58.403,79 €
Total		116.807,57 €

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

O artigo 1 do Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración Autonómica responsable da superior dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias que corresponden á Xunta de Galicia de conformidade coa Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e coa Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica.

O Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, determina que este é un organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, configurado para o axeitado desenvolvemento das competencias que no eido sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

Tanto a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e o artigo 55 d) da citada Lei 7/1985, do 2 de abril, as administracións públicas prestaranse, no ámbito propio, a cooperación e asistencia activas que poidan precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. En consecuencia, todas as administracións públicas deben impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder prestar os servizos aos cidadáns en

condicións de calidade que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e xestionar de forma compartida.

No Concello de Oza Cesuras, o centro de saúde de Oza dos Rios require de frecuentes actuacións de mantemento para ofrecer en cada momento o mellor servizo posible aos seus usuarios. Os servizos técnicos do Servizo Galego de Saúde teñen detectado a necesidade de efectuar unha actuación de reforma sobre este centro de saúde; polo que conscientes da dita necesidade, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 18 de setembro de 2017.